

# BASES DO SORTEO DÍA DA NAI EN ARTEIXO

*Bases de participación no sorteo do Arteixo CCA  
"3 xornadas especiais con gastos pagos polo Día da Nai"*

## BASES

### 1. ORGANIZA

Arteixo Centro Comercial Aberto, con CIF G15700818 (en adiante, Arteixo CCA ou a organización)

### 2. OBXECTO DO SORTEO

Por unha compra mínima de 5€ nos establecementos asociados poderás participar no sorteo que organiza o Arteixo CCA a través da súa web <http://diadanaiarteixocca.com/> e gañar 1 das 3 xornadas especiais valoradas en 150€ que sortea.

### 3. PRAZO DE PARTICIPACIÓN E REQUISITOS

O prazo para participar será do 02 de maio de 2023 a 18 de maio de 2023 ás 00:00h.

#### Os requisitos a cumprir son:

- Realizar unha compra mínima de 5€ en establecementos asociados ao Arteixo CCA.
- Os e as participantes deberán rexistrarse e subir o seu ticket de compra a <http://diadanaiarteixocca.com/>
- Os datos do rexistro deberán ser verídicos para poder localizar aos participantes e confirmar a súa identidade no caso de resultar premiados.
- Os e as propietarias ou empregados de establecementos asociados ao Arteixo CCA, as súas parellas, e os seus ascendentes ou descendentes, non poderán participar na campaña rexistrando tickets dos seus propios establecementos.
- O ticket de compra debe ser válido segundo a lexislación vixente e emitido entre os días 02 de maio de 2023 e 18 de maio de 2023.

# BASES DO SORTEO DÍA DA NAI EN ARTEIXO

- Cada ticket só poderá estar asociado a unha persoa e usuario.
- O día 18 de maio ás 00.00h pecharase o rexistro. Se por calquera motivo se rexistraran tickets máis tarde desa hora, non serán contabilizados.
- Os e as participantes deben gardar os tickets orixinais e presentalos no caso de resultar premiados.

## 4. PREMIO

Cada premio está valorado en 150€ para utilizar no pequeno comercio. Estará dividido en vales para gastar en hostelería, comercio e servizos.

## 5. SORTEO E ENTREGA DE PREMIOS

O sorteo dos vales de compra entre os participantes realizarase o día **XXXX** de maio ás **XXXX** horas. Realizarase en directo nas redes sociais do Arteixo CCA con todos os perfís participantes na campaña.

Contactarase cos gañadores para acordar a entrega de premios.

## 6. XURADO E ORGANIZACIÓN

Constituirase un xurado composto por representantes da organización e a xerencia do Arteixo CCA.

O xurado e/ou a organización terá as potestades, ademais de:

- Descalificación dos participantes que non cumpran os requisitos esixidos, desvirtúen a natureza da campaña ou non cumpran algunha das normas establecidas.
- Os participantes aceptan e acatan expresamente os criterios e instrucións que marquen o xurado e/ou a organización en xeral e respecto de calquera conflito xurdido durante o sorteo, sen que os participantes teñan nada que reclamar ao respecto.

# BASES DO SORTEO DÍA DA NAI EN ARTEIXO

## 7. DESCALIFICACIÓN

A organización e/ou o xurado resérvanse o dereito de eliminar a calquera participante do sorteo que non cumpra os requisitos, que atente contra o uso e bos costumes, alugue algunha dúbida sobre a veracidade da promoción, ou se valera de sistemas e/ou programas informáticos para participar e mellorar o resultado no mesmo, alterando o normal desenvolvemento do concurso, ou actúe de forma fraudulenta (por exemplo, cun rexistro inusual de tickets de compras dun determinado establecemento asociado ou a falsificación ou manipulación dos mesmos).

Así mesmo, quedarán descalificados aqueles participantes que non cumpran as normas establecidas para a participación, e os que se atopen nos demais supostos previstos neste documento para ser invalidados.

## 8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na promoción supón a aceptación íntegra das bases, a expresa renuncia dos participantes a realizar impugnación algunha sobre as mesmas e ao exercicio de calquera outra acción administrativa ou xudicial que puidese corresponderlles.

Os participantes e gañadores eximen ao Arteixo CCA, así como ás empresas promotoras e colaboradoras da presente promoción das responsabilidades derivadas de problemas por forza maior ou caso fortuíto, non tendo nada que reclamar contra ningún dos entes antes reseñados.

Os premiados ceden os seus dereitos de imaxe durante a entrega dos premios. Para a resolución de calquera dúbida sobre a mecánica, os premios ou o funcionamento da ruleta obxecto da promoción, os usuarios poden contactar co Arteixo CCA a través do correo electrónico [cca@ccaarteixo.com](mailto:cca@ccaarteixo.com) ou no teléfono 608549011.

O Arteixo CCA resérvase o dereito a modificar, ampliar, suspender, restrinxir ou retirar a presente promoción en calquera momento, por razóns xustificadas.

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos personais tratados mediante o sorteo non serán cedidos a terceiros.